

Banco de sementes

Este curso imos desenvolver un proxecto interdisciplinar en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Bioloxía.

O obxectivo principal é recuperar e poñer en valor os saberes tradicionais de Galicia relacionados coa agricultura, así como fomentar o uso da lingua galega en contextos reais e significativos.

Para iso, o alumnado realizará unha investigación coas súas familias, recollendo testemuños orais sobre o uso de cultivos e as prácticas agrícolas de antes. Estas entrevistas serán gravadas e formarán parte dun museo virtual, no que se reproducirán a través de avatares dixitais.

Ademais, crearase un banco de sementes tradicionais, co fin de coñecer, conservar e difundir a biodiversidade agrícola da nosa contorna. O alumnado investigará as características destas sementes, os seus usos e a súa relación coa formas tradicional da influencia da Lúa.


O proxecto culminará cunha exposición na feira de proxectos do instituto, onde se presentarán os resultados do traballo realizado, incluíndo o museo virtual, o banco de sementes e diferentes materiais divulgativos.

1. Área de Lingua Galega: investigación e memoria oral

Parte I

Obxectivo: recuperar vocabulario, saberes tradicionais e testemuños familiares.

Actividades:

-  **Investigación familiar:**
 - Entrevistar a persoas maiores (avós/as, veciñanza...).
 - Preguntar sobre:
 - Usos na agricultura e na vida diaria
 - Nomes de sementes e cultivos tradicionais
 - Proceso de recollida e conservación da semente
 - Emprego do calendario lunar
 - Preguntas do tipo (son só unha guía):

A que se dedicaba a xente na zona?

Había agricultura? Que se cultivaba?


Como era un día normal?

Que cultivos eran máis importantes?

Gardábanse as sementes dun ano para outro?

Como se facía esa conservación?

Había intercambio de sementes entre veciños?

- Elaborar un guión previo da entrevista.
-  **Gravación das entrevistas:**
 - En formato audio ou vídeo.
 - Recoller datos en papel

Transcrición e análise:


- Recrear a historia contada:
- Redacción da historia.
- Presentación da persoa informante:

Nome da persoa entrevistada

Idade (aproximada, se quere dicila)

Lugar onde naceu ou viviu

Relación co/a alumno/a


 Exemplo:

“Hoxe estamos con... que naceu en... e imos falar sobre como se vivía antes e como se medían as cousas.”

Entregar á profesora en papel un traballo redactado cos datos que se recolleron recreando unha historia.

Data límite o día 30 de abril.

Parte II

-  **Creación dun avatar virtual:**
 - Transformar os audios en reproducións cun avatar.
 - O avatar contará as historias na exposición virtual.

Instrucións no documento nºII